

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:

Un protagonista sen historia

Autor/es:

Coira, Xosé

Citar como:

Coira, X. (1992). Un protagonista sen historia. Vértigo. Revista de cine. (3):8-10.

Documento descargado de:

<http://hdl.handle.net/10251/42929>

Copyright: Todos los derechos reservados.

Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:




FACER CINE

UN PROTAGONISTA SEN HISTORIA

PEPE COIRA

Hai veces que teño a poderosa sensación de que os que en Galicia nos ocupamos en tentar un audiovisual galego somos como escritores sen inspiración: temos un protagonista, pero non temós unha historia para el. Algo así despréndese da recente publicación de Manuel González **Documentos para a historia do cine en Galicia. 1970-1990**, chea de datos que mostran unha vontade apenas satisfeita. Ese é o noso pasado inmediato, e o noso presente. Polo tanto, prefiro atender á invitación de VERTIGO dun artigo sobre o audiovisual galego falando do seu futuro.



EN GALICIA

En poucas palabras, un futuro que me gustaría ver sería aquel no que as tecnoloxías da imaxe respostase a ese retrato permanentemente negado polo uso que delas se fai, segundo o cal ditas tecnoloxías serven para nos comunica-los uns cos outros, e non para que uns poucos pasen o día comunicándonos as mesmas cousas ó resto. Creo que é nese sentido no que cabe esforzarse por conseguir unha voz propia, sabendo que ese é un esforzo moi semellante ó que se está realizando noutras moitas comunidades hoxe mesmo.

A falta de receitas que aseguren o remedio destes males, ocúrrenseme catro terreos sobre os que traballar, discutir e decidir por que competa. Son terreos que me fan lembrar unha vella expresión dos telediarios, supoño que referida á reforma agraria, a de "fincas manifestamente mellorables".

Hai xa algún tempo que as Comunidades Europeas acordaron defini-lo audiovisual como **sector estratéxico**. Escápaseme a repercusión real desta medida, o seu grao de eficacia, pero, cando menos, supón asumi-la importancia que para unha sociedade teñen os medios audiovisuais. Supón que desde o poder político se entenda que este é un tema que merece particular atención dado o seu enorme peso como mercado, e o aínda maior como soporte cultural. En paralelo a esta toma de conciencia dos gobernos cabería esperar un proceso semellante nos medios de comunicación e na opinión pública, pouco sensibles, en xeral, a manifestacións que cuestionen un estado de cousas -no cine, na televisión- solidamente asentado.

En calquera caso, e regresando á esfera da administración, a asunción da importancia do sector audiovisual debería traer consigo a **implicación, conforme ós seus cometidos, dos diversos departamentos**. O audiovisual maniféstase

AYUNTAMIENTO DE LA CORUÑA

Iº FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE COMEDIA DE LA CORUÑA



FILMS A COMPETICION

- *BILU-DODUS Y CEREZAS, de Juraj Hare (Checoslovaquia)
- *BELLO MIO, BELLEZZA MIA, de Sergio Corbucci (Italia)
- *COCO CHANEL, de George Rouquier (Inglaterra)
- *POR QUE CORRE DAVID, de Sile Chouquep (Francia)
- *FENVIDO, de Julius Maczulski (Polonia)
- *LOS MUERTOS NO SE QUEJAN, de Gert Rauber (Estados Unidos)
- *COMO UN ADOXO, de Pere Vico (España)

SECCION INFORMATIVA

- *VENENO DE SERPENTE, de Frantisek Vlcek (Checoslovaquia)
- *LAS MUJERES MAHARAJA (O MAHARAJA), de José M. Pereda (España)
- *VEN A MI CASA, VIVO CON UNA AMIGA, de Patrice Leconte (Francia)
- *PODI PIRELLA, de Peter del Monte (Italia)
- *VICTOR O VICTORIAS, de Erika Edwards (Estados Unidos)
- *PING-PON, de Janusz Kijowski (Polonia)

CICLO ESPECIAL «AMAR AL CINE»

- *CHICAGO, de Henry King (1933)
- *LAS UVAS DE LA IRA, de John Ford (1940)
- *ALGUNAS FANTASMAS, de Jean Renoir (1941)
- *SEIS DESTINOS, de Julien Duvivier (1942)
- *EL DIABLO OLIO NO, de Ernst Lubitsch (1943)
- *LADRA, de Otto Preminger (1944)
- *EL CASILLO DE DRAGONOVIC, de Joseph L. Mankiewicz (1945)

En este Festival se presentarán, ademais, ciclos retrospectivos de homenaxas, que inclúe la comedia musical americana; Romy Schneider; Humphrey Bogart y Antonio Fargas.

CLASIFICACION DEL FESTIVAL

El premio europeo de VES, GORGON, de Franklin J. Schaffner, patrocinado por el actor Luciano Pavarotti.

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE COMEDIA DE LA CORUÑA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE COMEDIA DA CORUÑA

82

DEL 3 AL 10 DE OCTUBRE **DO 3 AO 10 DE OUTUBRO**



**Del 3 al 10 de Octubre,
La Coruña y Galicia, Centro Cinematográfico Mundial.**

II SEMANA DE CINE

DICIEMBRE
de 1980

LUGO



de xeito moi plural, e non é só competencia da área de cultura. A lectura dos presupostos xerais da Xunta de Galicia desde este punto de vista é un exercicio teórico gratificante. Non é difícil atopar máis dunha ducia de partidas presupostarias correspondentes a diversas consellerías e outras entidades públicas nas que o audiovisual podería verse reflectido, apoiado. Sen embargo, esta posibilidade é ignorada. Do que se trataría é de poñer en marcha medidas coherentes coa heteroxeneidade do sector audiovisual. En concreto, non é de grande utilidade apoiar directamente á produción se as canles de difusión, ou as de acceso profesional, non funcionan axeitadamente. Está claro que unha das razóns do pertinaz fracaso das medidas tradicionais de fomento do audiovisual en Europa é que ían dirixidas a un ámbito moi limitado dentro do sector. A xa citada importancia do audiovisual, as súas dimensións en constante crecemento, fan deste un terreo de grande valor industrial, económico, turístico, educativo ...

Por outra parte, e se estamos a falar de ámbitos, non podemos esquecer a absoluta necesidade de que no sector audiovisual galego se produza **unha apertura ós ámbitos estatal e internacional**. As dimensións galegas non permiten máis produción cá puramente doméstica se non se conta cunha presenza no exterior. Non estou a falar exclusivamente de cuestións de mercado ou da vía das coproduccións -que son, obviamente, os principais aspectos da cuestión-, senón tamén de superar un estado de cousas que fai que os profesionais galegos non se vexan favorecidos como lles correspondería polas políticas da administración central e comunitaria.

Por último, a **progresiva profesionalización do sector**, aínda dando os primeiros pasos, é outra peza clave, naturalmente. O

surximento de modernos produtores independentes, que integrasen o traballo dos diversos especialistas precisos na creación audiovisual é o principal signo e medida dun audiovisual propio.

De darse estas condicións, tan tóxicas como ausentes, o cine galego seguiría a ser un protagonista sen historia, pero teríamos dado un paso esencial cara un bo guión. Teríamola paisaxe axeitada.

PEPE COIRA

